



Ámbito social

Unidade didáctica 11

Transformacións económicas e sociais no século XIX

Índice

| | |
|--|-----------|
| 1. Programación da unidade | 3 |
| 1.1 Encadramento da unidade no ámbito social | 3 |
| 1.2 Descrición da unidade didáctica | 3 |
| 1.3 Obxectivos didácticos | 3 |
| 1.4 Contidos de aprendizaxe | 4 |
| 1.5 Actividades e temporalización..... | 5 |
| 1.6 Recursos materiais | 5 |
| 1.7 Avaliación | 5 |
| 2. Secuencia de actividades | 6 |
| 3. Cuestionario de avaliación | 28 |

1. Programación da unidade

1.1 Encadramento da unidade no ámbito social

| | | |
|----------|-------------------|---|
| Módulo 1 | ▪ Bloque 1 | – Unidade 1 – Unidade 2 |
| | ▪ Bloque 2 | – Unidade 3 – Unidade 4 |
| Módulo 2 | ▪ Bloque 1 | – Unidade 5 – Unidade 6 |
| | ▪ Bloque 2 | – Unidade 7 – Unidade 8 |
| Módulo 3 | ▪ Bloque 1 | – Unidade 9 – Unidade 10 |
| | ▪ Bloque 2 | – Unidade 11: Transformacións económicas e sociais no século XIX – Unidade 12 |
| Módulo 4 | ▪ Bloque 1 | – Unidade 13 – Unidade 14 |
| | ▪ Bloque 2 | – Unidade 15 – Unidade 16 |

1.2 Descrición da unidade didáctica

Esta unidade, denominada “As transformacións económicas e sociais no século XIX”, aborda os grandes cambios económicos e sociais que tiveron lugar en Europa co desenvolvemento da Revolución Industrial. Son coñecementos previos importantes os abordados no bloque 1 deste módulo (“Das sociedades prehistóricas á sociedade industrial”). Dedicaráselle a esta unidade didáctica 16 períodos lectivos distribuídos en catro semanas.

1.3 Obxectivos didácticos

- Definir axeitadamente os termos relacionados coa unidade.
- Identificar as transformacións ocorridas na agricultura europea do século XVIII e relacionalas co desenvolvemento da revolución industrial.
- Identificar o concepto de manufactura e a súa importancia na economía galega.
- Explicar os factores que fixeron posible a primeira Revolución Industrial.
- Definir o sistema industrial e diferencialo claramente do traballo artesán.
- Sinalar os grupos sociais protagonistas da primeira Revolución Industrial e as súas características: proletariado e burguesía.

- Identificar as condicións de vida do proletariado da época.
- Sinalar os trazos fundamentais da ideoloxía liberal.
- Obter información de documentos audiovisuais sobre a temática da unidade, e formulala verbalmente e por escrito.
- Interpretar correctamente a información incluída en gráficos e táboas de poboación, produción, etc., e expresala verbalmente e por escrito.
- Analizar a información incluída en textos escritos sobre a temática da unidade, e expresar verbalmente e por escrito o seu contido fundamental.
- Diferenciar información de opinión neses textos, e identificar cando sexa posible os intereses que están detrás desas formulacións.
- Interpretar adecuadamente a información incluída en mapas conceptuais sobre a primeira Revolución Industrial.
- Buscar e localizar en internet e na biblioteca información icónica e escrita salientable sobre a unidade.
- Debater en grupo, respectando as normas correspondentes, sobre os documentos audiovisuais vistos e sobre temas relacionados coa unidade, como as condicións laborais dos traballadores da época, etc.
- Participar activamente en traballos en pequenos grupos sobre aspectos relacionados coa unidade, con procura de información en internet.
- Valorar a loita dos obreiros e das obreiras nas asociacións sindicais como un elemento fundamental para a mellora das súas condicións de vida e das xeracións futuras.

1.4 Contidos de aprendizaxe

- Transformacións económicas no século XIX: formación, desenvolvemento e trazos esenciais do sistema capitalista.
- Renovación das estruturas agrarias.
- Industrialización en Europa e en España. Grandes potencias europeas na fin desta centuria.
- Galicia: fracaso das industrias téxtil e siderúrxica. Inicio da industria conserveira.
- Transformacións sociais no século XIX: da sociedade estamental á sociedade de clases. A nova sociedade: burguesía e obreiros industriais. Movemento obreiro: ideoloxías anticapitalistas. Novos xeitos de vida na sociedade industrial.
- Identificación da multiplicidade causal nos acontecementos históricos.
- Valoración do papel das persoas anónimas, ata agora silenciadas, e recoñecemento do seu protagonismo histórico que na loita contra a desigualdade e contra a falta de liberdade.
- Obtención e selección de información de fontes escritas, nomeadamente a través das TIC, tendo en conta a diferenza entre feitos e opinións. Contraste de informacións contradictorias referidas a un mesmo feito histórico.
- Obtención de información de documentos audiovisuais sobre a temática da unidade, e formulación verbal e por escrito.
- Interpretación correcta da información incluída en gráficos e táboas de poboación, produción, etc., e expresión verbal e por escrito.

- Análise da información incluída en textos escritos sobre a temática da unidade, e expresión verbal e por escrito do seu contido fundamental.
- Diferenciación de información e opinión nes textos.
- Interpretación adecuada da información incluída en mapas conceptuais sobre a primeira Revolución Industrial.
- Procura en internet e na biblioteca de información icónica e escrita salientable sobre a unidade.
- Debates en grupo, respectando as normas correspondentes, sobre os documentos audiovisuais vistos e sobre temas relacionados coa unidade, como as condicións laborais dos traballadores da época, etc.
- Participación activa en traballos en pequenos grupos sobre aspectos relacionados coa unidade, con procura de información en internet.
- Valoración da loita dos obreiros e das obreiras nas asociacións sindicais como un elemento fundamental para a mellora das súas condicións de vida e das xeracións futuras.

1.5 Actividades e temporalización

- Primeira semana: actividades 1 a 14.
- Segunda semana: actividades 15 a 28.
- Terceira semana: actividades 29 a 39.
- Cuarta semana: actividades 40 ata o final.

1.6 Recursos materiais

- Consellería de Educación. Libros para a educación secundaria a distancia. Ámbito da sociedade.
 - Módulo 2.
 - Páxinas 153 a 162 (“A Revolución Industrial”).
 - Páxinas 167 a 169 (“O movemento obreiro”).
 - Módulo 4.
 - Páxinas 44 a 51 (“A industrialización”).
 - Páxinas 52 a 57 (“A industrialización en España”).
 - Páxinas 58 a 60 (“Obreiros e burgueses”).
 - Páxinas 61 a 67 (“Os socialismos”).
- J.A. Armas e outros. Historia. 1º de bachillerato. Ed. Anaya, Madrid, 1989. Juan Santacana e outros. Milenio. Ed. SM, Madrid 1998. Páxinas 28 a 43.

1.7 Avaliación

A avaliación dos aspectos procedementais realizarase a través de la observación e da valoración das tarefas propostas na secuencia de actividade.

Igualmente, a valoración da participación nas actividades de grupo e nos debates realizarase a través da súa observación. Nalgún caso utilizaranse patróns de recollida de datos.

A avaliación dos aspectos conceptuais realizarase mediante cuestionarios, como o incluído no material da unidade.

2. Secuencia de actividades

- S1.** Presentación da unidade polo profesor ou a profesora: marco xeral cronolóxico, importancia dos feitos e dos procesos que se van abordar nela, metodoloxía que se vai seguir, etc.
- S2.** Visión dalgún dos documentos audiovisuais ou secuencias de películas indicadas. Exemplos: algunha secuencia de Xerminal (1994), de Claude Berri; A terra da gran promesa (1975), de Andrzej Wajda; Oliver Twist, de David Lean, etc.
- S3.** Comentario en grupo das secuencias vistas, centrado nestes aspectos:

- Quen son os personaxes fundamentais que aparecen?

- Como van vestidos os personaxes? A que actividades se dedican? De que viven?

- Cales son os feitos fundamentais narrados nas secuencias ou nos documentos vistos? Que fragmento das imaxe e do diálogo resultou de máis interese?

- En que época transcorren os feitos?

- O autor da secuencia, transmite algunha opinión ou algunha visión xeral sobre a sociedade?

- As situacións, os feitos e as opinións transmitidas teñen algo que ver coa nosa situación actual ou cos problemas que temos agora?

- S4.** Resumo polo alumnado dos comentarios fundamentais realizados sobre a secuencia ou o documento visto.

- S5.** Situación na liña do tempo dos feitos relatados na secuencia ou no documento.

- S6. Explicación do/a profesor/a: *Trazos fundamentais da sociedade tradicional: a actividade económica, os grupos sociais e o sistema de goberno.*
- S7. Explicación do/a profesor/a sobre cambios importantes na agricultura: páxinas 45 e 46 de Módulo 4A, do ámbito de Sociedade.
- S8. Velaquí un debuxo dunha aldea inglesa onde estaba establecido o sistema tradicional de “campos abertos” (*open fields*). Observe tamén o cadro que ten despois co sistema tradicional de rotación de cultivos.

| | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Field 1 - wheat: campo 1, trigo. ▪ Field 2 - barley: campo 2-cebada. ▪ Field 3 - fallow (animals graze): campo 3-barbeito (pasto para gando) |
|--|--|

O SISTEMA TRADICIONAL AGRÍCOLA: AS ROTACIÓNS

| Primeiro ano | Segundo ano | Terceiro ano |
|--------------|-------------|--------------|
| ▪ Trigo | ▪ Barbeito | ▪ Cebada |
| ▪ Cebada | ▪ Trigo | ▪ Barbeito |
| ▪ Barbeito | ▪ Cebada | ▪ Trigo |

En grupos pequenos, realice estas tarefas:

- Describir por rescrito o que se observa no debuxo da aldea.

- Explicar en que consistía o sistema de cultivo resumido no cadro.

S9. No texto “A rotación de cultivos” descríbese brevemente un aspecto fundamental dos cambios na agricultura inglesa do século XVIII.

No canto de deixar a terra descansando un ano (“en barbeito”), como era tradicional despois de recoller unha colleita, plántanse cultivos seguindo unha rotación.

Seguimos a traballar en grupo e contestamos a estas cuestións:

- Que se sementaba no primeiro ano?

- E no segundo e no terceiro?



- Que vantaxes cre que tería ese sistema fronte ao tradicional do barbeito?

- Formular este tipo de rotación noutro cadro.

"O método inglés, con lixeiras variantes segundo o lugar e as circunstancias, é este: cando se labra un campo, o agricultor estércao todo o que pode, e sácalle o que se chama a colleita do barbeito, é dicir, unha colleita que precisa o uso frecuente do arado ou da aixada: poden ser nabos ou patacas, fabas, etc. Despois seméntase a terra con algunha clase de grao ou de trevo; este último continúa ás veces dous ou tres anos no mesmo campo ata que, despois de labrala outra vez, se sementa de trigo. Esta orde ou rotación de cultivos repítase sucesivamente na mesma orde, e a terra nunca queda desocupada ou descansando, como se ten por costume."

An address from the Philadelphia Society for Promoting Agriculture (1785)

- S10.** Observemos este gráfico coa dieta alimentaria en diferentes momentos da historia e comentémolo. Que variación hai entre os alimentos consumidos en 1603 e en 1715?



- S11.** Lea estes textos sobre a introdución da pataca na dieta europea, e galega en particular, e complete despois o cadro.

Tras a descuberta de América os europeos coñeceron unha planta que ía desempeñar un papel de primeira orde na historia do Vello Mundo: a pataca. Esta planta era orixinaria dalgúns países sudamericanos: Perú, Bolivia e Colombia. Este tubérculo crecía entre as altas mesetas e os indios facían obxecto de cultivo. A primeira alusión que se fai á pataca figura no informe de Juan de Castellanos sobre a expedición de Gonzalo Giménez de Quesada ao interior de Colombia (1536). É moito máis tarde cando os botánicos europeos prestan atención á pataca. A noticia máis remota ata agora sobre o consumo da pataca en Europa atópase nas contas dun hospital de Sevilla, onde en 1673 se comían patacas que se cultivaban nas inmediacións da cidade.

Slicher van Bath. *Historia agraria de Europa occidental*. Barcelona 1978.

A pataca comezou a sementarse en tempos de moita miseria. Como di Lucas Labrada, estendeuse polas terras de Mondoñedo nas fames de 1768-1769, aínda que a coñecían desde moito antes. Pero sabemos mellor o que pasou na montaña luguesa: en 1750, en Burón, só un 25 por cento da terra se sementaba todos os anos; tres cuartas partes do labradío precisaban un ano de descanso, e a pataca non aparece mencionada para nada. Ao chegar 1788 algunhas freguesías collían tamén 8.696 fanegas de patacas e 1.891 carros de nabos. Esta distribución dos cultivos quere dicir que estamos ante os comezos da intensificación agrícola da montaña luguesa: a rotación de nabos, pataca e cen-

teo comezou, e vai durar ata hoxe. Houbo, desde logo, xente que xamais quixo comer patacas, pero outros non tiveron máis remedio ante a fame. Velaí como para as terras de Burón os tempos modernos tampouco pasaron baleiros, e o mesmo poderíase dicir de Murás, da terra de Miranda, ou das beiras do Limia, onde se botaban patacas en 1777, segundo di González de Ulloa.

Saavedra, P. En "Historia de Galicia", Barcelona, 1980.

GRAVADO SOBRE A PATACA, 1651.



| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A pataca procede de... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A primeira alusión á pataca nun texto europeo é... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A noticia máis antiga sobre o consumo de pataca en Europa é de... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ En Galicia estendeuse o cultivo da pataca debido a... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Como era a rotación de cultivos que se facían na montaña de Lugo a partir de 1788? | |

S12. Resumo do/a profesor/a sobre os cambios na agricultura a partir do século XVIII.

As manufacturas

S13. Explicación polo/a profesor/a concepto de "manufactura".

S14. A grande novelista Emilia Pardo Bazán situou a súa novela "A tribuna" na Coruña de 1868. Boa parte da acción transcorre na fábrica de tabacos desa cidade. Para observar o ambiente conviviu coas traballadoras semanas enteiras. Aquí ten un fragmento en que describe a actividade na sala de picado das follas de tabaco. Léao con atención.

"Dentro dunha habitación caleada, pero ennegrecida xa por todas partes, onde a penas se filtraba a luz a través dos vidros sucios da alta ventá, viron as dúas rapazas ata vinte homes vestidos con cirolas de lenzo moi arremangados e camisa de estoupa moi aberta, brincando sen cesar. O tabaco rodeáboas; algúns estaban metidos nel ata media perna; a todos voáballes polos ombros, pescozo e mans, e na atmosfera flotaban remuíños del. Os traballadores estribaban na punta dos pés, e o que se movía brincando era o resto do corpo, grazas ao repetido e automático esforzo dos músculos; o punto de apoio permanecía fixo. Cada dous homes tiñan diante deles unha mesa ou taboleiro, e mentres un, brincando con rapidez, subía e baixaba a coitela picando na folla, o outro, cos brazos soterrados no tabaco, revolvíao para que o xa picado fora esvarando e ficara na mesa só o enteiro, operación que precisaba gran axilidade e tino, porque era doado que, ao caer a coitela, segase os dedos da man que atopara ao seu alcance. Como se traballaba a traballo feito, os picadores non se daban punto de repouso: corría a suor de tódolos poros do seu miserable corpo, e a lixeireza do traxe e a violencia das actitudes deixaban clara a delgadeza dos seus membros, o afondamento do bafexante esterno, a pobreza das delgadas canelas, a cor de terra das consumidas carnes. Dende a porta, o primeiro golpe de vista era singular: aqueles homes, medio espidos, da cor do tabaco e rebotando como pelotas, semellaban indios cumprindo algunha cerimonia ou rito dos seus estraños cultos. A Amparo non se lle ocorreu este símil, pero berrou:

–Xesús... Parecen monos.

Chinto, ao ver as rapazas, parouse de pronto, e soltando o mango da coitela e sacudindo o tabaco, coma un can cando sae de bañarse sacude a auga, acercóuselles todo suorento e cun sobrealento terrible:

–Aquí trabállase firme... –dixo con rouca voz e aire de taco–. Trabállase... –prosegiu fachendosamente– e gáñase o pan cos puños...¡Trabállase con forza, caramba!

–¡Estás bonito!; parece que te chuparon –exclamou a "Comadreja", mentres Amparo o miraba entre compadecida e con noxo, admirándose dos estragos que tan logo fixera nel un oficio tan penoso. Sobresaíalle a noz, e baixo a basta camisa notábenselle os omoplatas e o cúbito. A súa pel tiña matices de cera, e a cachos manchas hepáticas; os seus ollos parecían pálidos e grandes en relación á súa cara enfraquecida..

–Pero, bruto –exclamou a "Tribuna" con bondadoso acento–, estás suando coma un touro, e plántaste aquí, entre portas, neste corredor tan ventado... para coller a morte.

–Bah... –e o mozo encolleuse de ombros–. Se repararamos niso... Todo o día de Deus estamos aquí saíndo e entrando, e as portas abertas, e frío de aquí e de acolá... Mira ónde afiamos a coitela.

E sinalou unha pedra de afiar colocada no mesmo patio.

–A calor e o abrigo por dentro... Xa se sabe que en non tendo aquí nin pinga... –e deuse unha palmada no diafragma.

–Así cheiras, maldito –observou Ana–. Anda, que non sei que substancia lle sacades ao condenado viñazo."

A FÁBRICA DE TABACOS DA CORUÑA A COMEZOS DO SÉCULO XX



- En grupo, comentar o contido deste texto: personaxes que interveñen, feitos que se narran, condicións de traballo desas persoas, etc.
- Procurar información en internet e nos libros dispoñibles: era a fábrica de tabacos da Coruña unha manufactura?

A primeira Revolución Industrial

- S15.** Ver en grupo algúns destes vídeos (ou outros documentos) sobre trazos básicos da Revolución Industrial e comentar en grupo os elementos fundamentais da revolución industrial que aparecen en todos eles:

<http://es.youtube.com/watch?v=uPGiMp4AWk4>

<http://es.youtube.com/watch?v=UccxTc68F-s>

- S16.** Procurar en Wikipedia informacións sobre a primeira Revolución Industrial. Realizar un resumo cos principais factores que deron lugar a esa revolución.


| |
|--|
| |
|--|

- S17.** Explicación do/a profesor/a: *factores fundamentais que deron lugar á Revolución Industrial*. Descrición do proceso e consecuencias.

- S18.** Complete este cadro coas definicións das palabras ou expresións colocadas á esquerda:


| | |
|------------------------|--|
| ■ Fiado | |
| ■ Spinning Jenny | |
| ■ Máquina de vapor | |
| ■ División do traballo | |
| ■ Forno siderúrxico | |

- S19. Con axuda de dicionarios ou da información tirada da web, explique o que era a “Spinning Jenny. Por que se lle chamaría así?




- S20. Todas estas imaxes teñen que ver coa primeira Revolución Industrial en Inglaterra. Trate de identificalas. Coménteas en grupo.

<http://www.clemson.edu/caah/history/FacultyPages/PamMack/lec122/britir.htm>




S21. Observe este mapa conceptual sobre a primeira Revolución Industrial.



- A partir da información que ofrece este mapa, escriba algunhas frases sobre estes apartados:


| | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ País pioneiro | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Factores que favorecieron o seu desenvolvemento | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sectores de produción máis importantes | |

S22. Un dos factores máis importantes no desenvolvemento das actividades industriais é a existencia dunha boa rede de transportes. Observe o seguinte mapa sobre a expansión do ferrocarril en Europa e conteste ás preguntas.



| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> En que país comeza a implantación do ferrocarril en Europa? | |
| <ul style="list-style-type: none"> En que ano comeza a ser significativa a presenza do ferrocarril en España? | |
| <ul style="list-style-type: none"> En que zonas de Europa é máis tupida a rede de ferrocarrís? | |

S23. O aumento da demanda é un factor clave na Revolución Industrial: hai máis poboación e ten máis capacidade de mercar produtos. Observe este gráfico coa evolución da poboación en Inglaterra e Gales nesta época e responda despois ás preguntas.




S24. Discusión en grupo. Trataremos de responder a esas mesmas cuestións pero referidas a este cadro con datos da poboación en España.

| | 1797 | 1834 | 1860 | 1877 |
|---------------------|------------|------------|------------|------------|
| Galicia | 1.142.630 | 1.147.982 | 1.799.244 | 1.848.027 |
| Asturias | 364.238 | 434.635 | 540.586 | 576.352 |
| Pais Vasco | 283.450 | | 429.186 | 450.699 |
| Aragón | 657.376 | 734.689 | 891.057 | 894.991 |
| Cataluña | 858.818 | 1.041.222 | 1.673.842 | 1.752.033 |
| León | 924.025 | 970.315 | 1.284.065 | 1.313.854 |
| Andalucía | 1.909.422 | 2.352.059 | 2.994.951 | 3.285.912 |
| Total España | 10.541.221 | 12.162.172 | 15.673.483 | 16.634.345 |

Imos tratar de responder tamén a esta pregunta a través do intercambio en grupo:

En xeral, que factores inflúen no crecemento da poboación? Reflexionaremos sobre estes puntos: alimentos, sanidade, epidemias e guerras.



A Revolución Industrial en España

- S25.** Explicación do/a profesor/a sobre os aspectos fundamentais da Revolución Industrial en España, con especial referencia aos casos catalán e galego.
- S26.** Proxección e visión dun capítulo da serie *La saga de los Rius*, TVE, ou produción semellante. Comentario en grupo posterior para tratar de determinar na produción os elementos comentados na explicación do/a profesor/a. Pódese seguir a pauta da actividade número 3.
- S27.** A foto seguinte pertence a unha das reais fábricas fundadas en España no século XVIII polos monarcas da casa de Borbón. Utilice buscadores de imaxes e de información de internet para procurar información sobre ela: en que cidade ou vila está, quen a fundou, que fabricaba, se segue en activo, etc.



- S28.** A ilustración da páxina seguinte é unha descrición que fixo don Juan Pablo Fernández no século XVIII das fábricas ou actividades industriais que había na comarca de Ferrolterra, desde As Somozas ata Ortigueira. Imos tratar de comprender en grupo o que di este documento, a información que transmitía, intentando ler a caligrafía da época. Está redactado en castelán.

Extracto oral que yo D. Juan Pablo Fern. hiciera al Caballero Claudio mayor de la Villa de Villar. Visió y quedo de la Santa Cruz de Comon, Amado y Monca, (uno y otro p. A. M.), de las Tablas de Topografía, Botánica, Matemática, Medicina, Física y Filosofía de la que en 1786.

| Industria | N.º de personas que trabajan | Valor de los productos | Valor de los consumos | Valor de los salarios | N.º de personas que trabajan | Valor de los productos | Valor de los consumos | Valor de los salarios | N.º de personas que trabajan | Valor de los productos | Valor de los consumos | Valor de los salarios | N.º de personas que trabajan | Valor de los productos | Valor de los consumos | Valor de los salarios |
|---------------------|------------------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|------------------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|------------------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|------------------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|
| Mela | 1 | 25 | 50 | 25 | 20 | 200 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |
| Quina, Sarsaparilla | 2 | 32 | 45 | 45 | 5 | 22 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |
| Uomera | 2 | 32 | 45 | 45 | 5 | 22 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |
| Manaca | 3 | 32 | 45 | 45 | 5 | 22 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |
| Alca | 3 | 32 | 45 | 45 | 5 | 22 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 | 45 |
| Uanta Nueva | 325 | 7500 | 5000 | 5000 | 2 | 50 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 | 5000 |
| P. Valenciano | 2 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |
| Macha | 4 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |
| Cordido | 11 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |
| Ua comar | 5 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |
| Pal | 2 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |
| Cogza | 47 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |
| Soante | 3 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |
| Totales | 56 | 2517 | 4881 | 4237 | 2022 | 1271 | 27 | 22 | 82 | 494 | 14 | 136 | 215 | | | |

Juan Pablo Fern.

S. N. Julian de Naron 5 de Julio de 1786.

Tabla de las distintas actividades industriales que existen en la comarca, desde Somoza hasta Ortiueira, realizada por D. Juan Pablo Fernández en 1786. Junto a la descripción de D. Eugenio Larruga, es uno de los documentos más significativos, y nos muestra la situación de la industria en la zona en estudio.

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Complete o título do documento, que empeza: "Extracto general que yo..." | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Busque o significado das palabras dos encabezamentos das columnas: "curtidos", "tecidos", "batanes", "martinetes", "molinos" | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Na columna da esquerda aparecen algúns lugares da comarca ferrolá. Trate de velos todos. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ En que data se asinou este informe? | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A quen ía dirixido o informe? | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Cal foi a gran actividade industrial na comarca de Ferrol no século XVIII promovida polos Borbóns? | |

S29. Lea o texto “A industrialización en España” .

A INDUSTRIALIZACIÓN EN ESPAÑA

Durante o século XVIII fixéronse en España esforzos para a modernización do seu sistema económico. Os ilustrados trataron de conseguir melloras concretas en todos os eidos da economía: construción e conservación de camiños, modernización da agricultura, iniciativas para crear as primeiras industrias propiamente ditas. Os monarcas da casa de Borbón promoveron a creación de instalacións e fábricas relacionadas co armamento (por exemplo, Altos Hornos de Orbaiceta, Estaleiros de Ferrol) e cos bens de consumo suntuario (Real Fábrica de Tapices, de vidro, de louza...) Pero a realidade é que a finais do século XVIII, salvo enclaves industriais illados, España seguía sendo un país rural no que os campesiños, especialmente do centro e do norte da península, producían para o autoconsumo. O resto dos bens de consumo procedían en xeral de talleres artesanais que seguían utilizando técnicas preindustriais.

A industrialización foi en case toda España un fenómeno tardío. Un dos principais atrancos para o seu desenvolvemento foi a escasa demanda de produtos industriais. As diferentes rexións vivían practicamente illadas, con escasos intercambios, debido ás dificultades de comunicación. Os camiños de España eran en xeral moi malos e realizar unha viaxe longa entre dúas rexións, especialmente se había que pasar polo centro da península, era unha auténtica aventura. Dese xeito, cada rexión abasteciase dos bens de consumo máis necesarios. Por outra banda, o nivel de renda dos campesiños e das clases populares urbanas non lles permitía aspirar ao consumo de bens non estritamente necesarios para a subsistencia.

Os feitos históricos que tiveron lugar ao longo da primeira metade do século XIX tampouco axudaron a crear un tecido industrial. A Guerra da Independencia (1808-1814) destruíu a infraestrutura de camiños e fábricas máis importantes. A independencia das colonias americanas (reinado de Fernando VII) supuxo tamén a perda dun mercado que xeraba unha demanda importante de produtos manufacturados en España.


- Neste texto sobre a industrialización en España hai algunhas expresións cuxo significado quizá non coñecemos ben. Emparelle as palabras e as expresións da esquerda co seu significado na dereita:

| Expresións do texto | Significados |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Bens de consumo suntuario | <ul style="list-style-type: none">▪ Producían bens para consumilos eles mesmos, non para os vender. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Enclaves industriais illados. | <ul style="list-style-type: none">▪ Cada rexión producía os bens que precisaba a súa poboación para vivir, e non os compraba fóra. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Producían para o autoconsumo. | <ul style="list-style-type: none">▪ Destruíu a rede de camiños que existían. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Técnicas preindustriais. | <ul style="list-style-type: none">▪ Producía unha gran demanda; é dicir, había moita xente que quería mercar os produtos feitos na Península. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Escasa demanda de produtos industriais. | <ul style="list-style-type: none">▪ Lugares illados onde se crean industrias sen moita relación co resto do territorio. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Cada rexión abasteciase dos bens de consumo máis necesarios. | <ul style="list-style-type: none">▪ Bens que non son imprescindibles, que son innecesarios, de luxo. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Destruíu a infraestrutura de camiños. | <ul style="list-style-type: none">▪ Técnicas de traballo propias dos artesáns, anteriores á organización da industria. |
| <ul style="list-style-type: none">▪ Xeraba unha demanda importante. | <ul style="list-style-type: none">▪ A poboación non demandaba, non esixía, porque non tiña con que mercalos, bens producidos na industria. |

- Despois de ler o texto, escriba tres causas polas que en España non houbo unha auténtica revolución industrial.

| | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Causa 1 | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Causa 2 | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Causa 3 | |

S30. Este gravado reproduce o interior dunha fábrica catalá do século XIX.



En grupo, observamos este gravado con detemento.


- Describimos o que vemos.
- Trate de imaxinar como funciona o mecanismo xeral representado aquí. As barras de ferro que percorren a gran sala á esquerda e á dereita móvense como un eixe. Quen as movería? Para que valerían as correas que van cara a abaixo?
- Que tipo de fábrica é a representada aquí? A información que aparece no seguinte texto pode ser de utilidade.

Se non se consegue interpretar o gravado, pódese procurar información na seguinte ilustración.

A industria catalá

Cataluña foi a primeira zona española que se incorporou á revolución industrial. Como ocorreu en Inglaterra, o sector pioneiro foi o téxtil. A industrialización comezou coa fabricación de tecidos de algodón denominados “indianas” en teares agrupados en fábricas. Primeiro aproveitouse a forza hidráulica dos ríos Ter e Llobregat e axiña aplicáronse as novidades técnicas nadas en Inglaterra. En 1832 instalouse a primeira máquina de vapor en Barcelona e a mediados de século xa existían no conxunto de Cataluña máis de trescentas fábricas propiamente ditas. A industria catalá sempre tivo dous grandes problemas: o enerxético e o do mercado. O carbón español era caro e había que importalo de Inglaterra. Por outra parte, os tecidos cataláns non podían competir en calidade cos ingleses e vendíanse só en España grazas en parte a políticas proteccionistas (cobrábanse taxas de aduanas aos produtos estranxeiros que se querían introducir en España).

Xunto a Cataluña, desenvolvéronse enclaves industriais en Asturias e no País Vasco (altos fornos para a produción de ferro).



S31. Complete o seguinte cadro sobre a industrialización en Cataluña.

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ O sector pioneiro foi... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os tecidos de algodón denominábanse... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A primeira fonte de enerxía que se utilizou foi... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ A primeira máquina de vapor instalouse en... | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os dous grandes problemas da industria catalá foron... | |

S32. Explicación do/a profesor/a dos trazos principais da industrialización en Galicia.

S33. En grupo, procurar información en internet e na biblioteca sobre estes conceptos, e realizar un breve informe: fábrica de louza de Sargadelos, estaleiros de Ferrol e fabricación doméstica de lenzos.

Unha nova clase social


S34. Presentación por parte do profesor ou da profesora dos cambios sociais que se producen na primeira Revolución Industrial. Proletariado e burguesía.

S35. No cadro aparecen resumidos algúns aspectos relacionados co nacemento da clase obreira na primeira revolución industrial. Interpretémolo en grupo.



S36. Observe o gráfico seguinte e logo conteste ás preguntas.

A XORNADA LABORAL DOS OBREIROS AO COMEZO DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL



- Cantas horas diarias dedicaba un obreiro ao traballo, cantas ao descanso e cantas aos desprazamentos?

- Cantas horas cre que traballa hoxe como media un traballador por conta allea?

Traballo de mulleres e nenos

- S37. En pequenos grupos, ler estes dous textos sobre as condicións de vida dos obreiros na revolución industrial.

TESTEMUÑAS DUNHA OBREIRA E DUN OBREIRO INGLÉS DA ÉPOCA

“Betty Harris, 37 anos. Casei aos 23 anos... Non sei ler nin escribir...Arrastro vagonetasde carbón e traballo dende as seis da mañá ás seis da tarde...Teño posto un cinto e unha cadea que me pasa entre as pernas e avanzo coas mans e cos pés Nos pozos onde eu traballo hai seis mulleres e media ducia de nenos e nenas ...”

Tiña sete anos cando empecei a traballar na fábrica. As horas de traballo eran de cinco da mañá a oito da noite, cun descanso de trinta minutos ao mediodía para descansar e xantar. Nesta fábrica hai cincuenta rapaces da miña idade. De cotío caían enfermos a causa do traballo. ¡A golpes de látigo era como mantiñan os rapaces traballando!

A DIETA OBREIRA EN 1856

| Alimentación diaria dunha familia obreira con dous fillos | |
|---|--|
| ▪ Pan | – 1,2 quilogramos para os pais. – 0,8 quilogramos para os cativos. |
| ▪ Almorzo | – Nenos: un anaco de pan e un pouco de auga. – Pai e nai: un anaco de pan e un arenque. |
| ▪ Xantar | – 400 gramos de fabas para todos. |
| ▪ Cea | – 1,4 quilogramos de patacas para todos. |

- Comparar as condicións de traballo do texto primeiro coas do traballo nunha fábrica española actual. Existirán esas condicións nalgún lugar hoxe en día?

- Anotar os alimentos consumidos por unha familia galega media na actualidade. Comparar.


- Tratar de responder en grupo a esta pregunta: por que melloraron tanto en douscentos anos as condicións de traballo e a dieta dos traballadores?




- S38. Procure información en internet e na biblioteca sobre o pensador Adam Smith (1723-1790). Realice despois un resumo breve do seu pensamento.



- S39. Coa axuda de dicionarios e, se é necesario, do profesorado de Inglés e de Francés, traduca os textos que aparecen nestas dúas ilustracións. As dúas son carteis de apoio ás loitas dos obreiros.





S40. Este texto está tomado dunha lei británica contra as asociacións de obreiros.

ANTI-COMBINATION ACT, 1800

III. Todo obreiro (...) que despois da aprobación desta lei ingrese en calquera asociación coa finalidade de conseguir un aumento do salario, ou para reducir ou alterar as horas de traballo, ou para reducir a cantidade deste (...), ou que por medio de diñeiro ou por procedementos de persuasión ou intimidación, ou calquera outro medio, se esforce con premeditación ou maldade en apartar a un obreiro (...) dunha industria, comercio ou empresa, ou impida que outra persoa que queira empregarse en dita industria, comercio ou empresa, poida ser contratada por un industrial, comerciante ou persoa que dirixe esa empresa (...) será condenado por ditos xuíces a prisión por un período non superior a tres meses solares (...)

- Que prohibe esta lei?

- Compare o contido dese texto con estoutro tomado da Constitución española.

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, 1978

Artigo 7. Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e á promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei. A súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

(...)

Artigo 28. 1. Todos teñen dereito a sindicarse libremente. A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito ás Forzas ou Institutos armados ou aos demais Corpos sometidos á disciplina militar e regulará as peculiaridades do seu exercicio para os funcionarios públicos. A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse ao do seu elección, así como o dereito dos sindicatos a formar confederacións e a formar organizacións sindicais internacionais ou a afiliarse ás mesmas. Ninguén poderá ser obrigado a afiliarse a un sindicato.

2. Recoñécese o dereito á folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses. A lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

3. Cuestionario de avaliación

1. Cal foi a causa máis importante do crecemento demográfico na chamada Revolución Industrial?

- A hixiene.
- A mellor alimentación.
- A desaparición das doenzas.
- A aparición de novos medicamentos.

2. A revolución industrial comezou a finais do século XVIII en ...

- Francia.
- Alemaña.
- Estados Unidos.
- Inglaterra.

3. Previamente á Revolución Industrial produciuse a chamada "revolución agrícola" que supuxo un importante aumento da produción. Neste crecemento agrícola, entre outros factores, influíu o proceso de cercamento de leiras chamado...

- Barbeito.
- Enclosures.
- Openfield.
- Bocage.

4. Os primeiros sectores que se industrializaron foron...

- A industria metalúrxica e química.
- A industria conserveira e de alimentación.
- A industria téxtil do algodón e a siderúrxica.
- A industria petroquímica e a navieira.

5. A máquina de vapor foi seguramente a innovación técnica máis salientable na primeira revolución industrial. Esta aplicóuselle primeiro á industria e despois aos transportes. Quen foi o que inventou a locomotora?

- Watt.
- Fulton.
- Stephenson.
- Arkright.

6. Ademais da máquina de vapor, outro símbolo da primeira Revolución Industrial foi:

- O petróleo.
- O gas butano.
- O carbón.

7. Na Revolución Industrial influíron factores demográficos e, asemade, tivo importantes efectos sobre a poboación:

- Produciu unha diminución da poboación.
- Supuxo un aumento dos movementos migratorios e do crecemento das cidades.
- Mellorou as condicións de vida dos labregos máis pobres e aumentou a poboación rural.
- Diminuíu a natalidade.

8. A Revolución Industrial supuxo o triunfo dos principios do Capitalismo, entre os que estaba o liberalismo económico. Que autor é considerado como o pai do liberalismo económico?

- Carlos Marx.
- Thomas Hobbes.
- Rousseau.
- Adam Smith.

9. Como afectou a Revolución Industrial a España?

- Non se industrializou.
- Só Cataluña e o País Vasco se industrializaron.
- Afectoulle de igual modo que a Alemaña ou a Francia.
- Foi pioneira.

10. Unha das causas pola que a fabricación de lenzos galegos non conseguiu ter éxito industrial foi:

- Eran tecidos de moi pouca calidade.
- Desapareceron os cultivos de liño.
- Os traballadores querían cobrar moito.
- Non foron quen de soportar a competencia dos tecidos cataláns.